



## REQUIRIMENTO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO DE EMENDA DE DOCUMENTACIÓN EN VARIAS SOLICITUDES PRESENTADAS NO PROCESO SELECTIVO DE ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN NA MODALIDADE DE MARISQUEO A PÉ DA CONFRARÍA DE LOURIZÁN

O 15 de xuño de 2023 foi publicado o proceso selectivo para a cobertura de cinco (5) prazas de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial do plan de explotación, da confraría de pescadores de Lourizán e abriuse un prazo de 15 días hábiles para presentación de solicitudes.

Segundo o disposto no apartado I.4. das bases da convocatoria, logo de rematar o prazo de presentación de instancias, e de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 2 de outubro de Procedemento administrativo das administracións públicas, se a solicitude non reúne os requisitos formais, requiriráselle ás persoas interesadas, para que no prazo de dez (10) días hábiles a emenden, con indicación de que se así non o fixesen, se lles terán por desistidas das súas peticións, logo dunha resolución expresa. Tamén, no caso do documento do padrón, se indica nas bases que no suposto de imposibilidade material de obter o documento, a xefatura territorial poderá requirirlle á persoa solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á publicación da resolución provisional.

De acordo co anteriormente indicado, **REQUIRESE** a seguinte documentación ás persoas indicadas a continuación:

APELIDOS E NOME	NIF	DOCUMENTACIÓN
CASTIÑEIRA LORES, ALBERTO	***0643**	1-Xustificante bancario de ter feito o ingreso da taxa durante o prazo de presentación de solicitudes. 2-Titulación académica e cursos realizados (os achegados non teñen un formato lexible)
MUÑOZ QUINTAS, ÁNGEL GONZALO	***7863**	Xustificante bancario de ter feito o ingreso da taxa durante o prazo de presentación de solicitudes.
OUTÓN MORA, MARÍA PAZ	***2953**	Certificación actual do padrón no que conste a antigüidade ( <i>na consulta autorizada non se puido verificar a data de alta</i> )





VILLAR PEÑA, FÁTIMA	***2238**	Certificación actual do padrón no que conste a antigüidade ( <i>imposibilidade de obter o documento mediante consulta</i> )
---------------------	-----------	---

\* Ocúltanse parcialmente os díxitos de identificación en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

A documentación requirida presentarse, preferiblemente por vía electrónica e opcionalmente en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4. da Lei 39/2015, do 2 de outubro. Presentarase directamente ou a través das entidades asociativas do sector, no prazo de dez (10) días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao que se publique esta convocatoria no taboleiro de anuncios das xefaturas comarcais e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, e dirixiranse á Xefatura Territorial da Consellería do Mar de Vigo, de acordo co disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Aquelas persoas ás que lle foi solicitado o xustificante de ter feito o pago da taxa, no caso de non remitir a documentación requirida considerarase que desisten da súa petición e a súa solicitude será excluída do proceso selectivo logo da correspondente resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 do 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Aquelas persoas ás que lle foi requirido o certificado de empadramento:

No caso da persoa para a que non foi posible verificar a data de alta no padrón, se non remite o documento requirido, ese epígrafe non poderá ser valorado.

No caso da persoa para a que non foi posible obter o documento mediante consulta, de non remitir a documentación requirida considerarase que desiste da súa petición e a súa solicitude será excluída do proceso selectivo logo da correspondente resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 do 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



A persoa á que lle foi requirida a titulación académica e cursos realizados, no caso de non remitir a documentación requirida non será baremada.

Esta notificación, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, realizarase mediante publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Pontevedra e Vilagarcía de Arousa, así como no taboleiro de anuncios da confraría.

A xefa territorial

Sonia Lorenzo Santos

Por delegación de firma (Resolución do 29/12/2021)

A xefa do Servizo de Pesca, Acuicultura e Innovación tecnolóxica

Carmen de Benito Caula

